



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE AS CARITAS DIOCESANAS DE GALICIA E A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA PARA ESTABLECER MEDIDAS PREVENTIVAS E DE APOIO ÁS PERSOAS QUE SE ATOPAN EN SITUACIÓN DE POBREZA ENERXÉTICA EN GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Enerxía e Minas da Consellería de Economía, Emprego e Industria,
DECLARA:

Que esta dirección xeral ten previsto formalizar con Cáritas Diocesanas de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións en que se desenvolverá a colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e Cáritas, de xeito que se optimicen todos os recursos postos a disposición por cada unha das partes asinantes do presente convenio marco de colaboración, para establecer medidas preventivas e de apoio ás persoas que se atopan en situación de pobreza enerxética en Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

- As Cáritas Diocesanas de Galicia son unha Institución colaboradora cos poderes públicos e que traballa a prol das persoas mais vulnerables da sociedade con suxeición ós seus principios fundamentais de humanidade, imparcialidade, neutralidade, independencia, carácter voluntario, unidade e universalidade.
- A Consellería de Economía, Emprego e Industria ten a vontade de colaborar con Cáritas dentro das súas competencias e capacidades nos proxectos en que así se acorde e na busca no maior beneficio dos cidadáns.





- Cáritas ten detectado no seu traballo o incremento de casos da chamada “pobreza enerxética”, na que as familias non poden afrontar o pago do subministro eléctrico, ou ben non poden manter no inverno unha temperatura mínima de confort na súa vivenda; sendo en moitos casos situacións mellorables con actuacións de baixo custo: adecuación do tipo do contrato, melloras no illamento da vivenda, axeitada formación para o consumo eléctrico, etc.
- A Consellería pode colaborar mediante o asesoramento e a información á mellora dalgunha desas situacións, colaborando cos equipos de traballo de Cáritas.

O convenio non supón ningunha aportación económica nin concesión de subvención.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 10 de maio de 2016.

O director xeral de Enerxía e Minas

Ángel Bernardo Tahoces

